

Santalices subliña que a sanidade “é un dos asuntos máis presentes no traballo cotián” do Parlamento

- **Inaugurou en Vigo a II Xornada sobre “Aspectos prácticos da responsabilidade profesional sanitaria”**
- **O presidente do Parlamento pon en valor “aposta moi intensa” da institución por abrirse á sociedade, que se visualiza a través das diferentes posibilidades de participación a disposición da cidadanía**

Santiago, 27 de xaneiro de 2017.- “A sanidade é un dos asuntos máis presentes no traballo cotián da Cámara autonómica”, segundo apuntou este mediodía en Vigo o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, na inauguración da II Xornada sobre “Aspectos prácticos da responsabilidade profesional sanitaria”.

Santalices, médico de formación, valorou a achega que supoñen estas xornadas tamén para para o traballo parlamentario, “por axudarnos a poñer o foco sobre cuestións técnicas que inflúen de maneira determinante na mellora da calidade das prestacións sanitarias e por contribuír, por tanto, a centrar o debate político nas cuestións que verdadeiramente importan”.

O presidente da Cámara recordou que o Legislativo galego está a celebrar o seu 35 aniversario, efeméride que a institución aproveitou para poñer ao dispor do conxunto da sociedade toda a produción normativa emanada dela, a través do Portal Xurídico Galego *Lex.gal*, posto en marcha polo Parlamento coa colaboración da Xunta e a Universidade de Santiago. “É unha ferramenta novidosa e realmente útil, que merece a pena coñecer”.

Defensa do parlamentarismo

Na súa defensa do parlamentarismo democrático, Santalices Vieira referiuse á utilidade da Cámara lexislativa, “sempre ao carón da realidade das persoas e permanentemente disposta a escoitar a todo aquel que queira trasladar alguna proposta ou inquedaanza”.

Ante un auditorio conformado por persoal facultativo, o presidente do Parlamento puxo como exemplo de norma “útil e necesaria”, a Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas, que cubriu un baleiro legal e atendeu unha demanda dos profesionais e dos enfermos e as súas familias.

Destacou tamén Santalices a “aposta moi intensa” que está a desenvolver o Parlamento por abrirse á sociedade e, neste sentido, sinalou a vía da participación, que permite á cidadanía implicarse activamente no traballo lexislativo mediante figuras como as proposicións de lei de iniciativa popular, as proposicións non de lei de iniciativa popular, a participación popular no control ao Goberno ou a posibilidade de formular propostas ou comentarios en relación cos proxectos lexislativos en trámite a través da ferramenta denominada “Lexisla con Nós” da web parlamentaria.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.